

1º) Establecer o réxime de dedicación parcial do cargo de vogal-representante da Presidencia do Consorcio Provincial de Ourense S.C.I.S., de conformidade coas seguintes condicións:

- **Retribucións:** 500 €/mes (6.000 €/ano).
- **Funcións:** exercerá funcións de enlace e coordinación coa Xerencia por delegación da Presidencia, así como aquelas funcións de representación ordinaria do Consorcio que lle encomende a Presidencia que, en todo caso, non incluírán a capacidade de ditar actos administrativos con efectos fronte a terceiros.
- **Designación:** o desempeño do cargo corresponderá ó vogal do Consorcio que designe a Presidencia mediante o oportuno decreto de delegación.
- **Dedicación esixida:** a dedicación esixida será a necesaria para o desempeño das funcións atribuídas e, en todo caso, un mínimo dun 25% da xornada laboral dun empregado público de administración local en cómputo anual. A dita dedicación será compatible co desempeño de postos de traballo no sector público nos termos previstos no artigo 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro.

O réxime de dedicación efectiva terá efectos dende a data de aprobación definitiva do orzamento do Consorcio, unha vez que se confira a correspondente delegación por parte da Presidencia.